

**A VII KDD BTT DOS CALLOS, rexerase a través do seguinte regulamento que é de obrigada lectura e aceptación por parte de todos os participantes.**

1. A VII KDD DOS CALLOS realizarase o 12 de Xaneiro do 2020.
2. A idade mínima para a ruta BTT é de 15 anos e até os 18 anos necesitarán a autorización do pai, nai ou titor legal.
3. Os participantes menores de 18 anos deben ir acompañados por unha persoa responsable e presentar unha autorización do pai, nai ou titor legal asinada.
4. A kedada non é un evento competitivo. Os participantes deben manter o ritmo que marque o grupo de cabeza e respectar os reagrupamentos establecidos.
5. Os participantes deben ter o nivel necesario para participar nun percorrido de aproximadamente 35 km polo monte, de dificultade física e técnica media.
6. O uso do casco é obrigatorio. Calquera participante que non faga uso deste, será expulsado da kedada inmediatamente.
7. Cada participante debe traer as pezas necesarias para resolver unha avería: cámaras, bombín, etc.
8. Aínda que o percorrido estará debidamente sinalizado, o participante é o único responsable de cumprir coas directrices da organización e disposicións da Lei de Seguridade Vial.
9. Queda terminantemente prohibido tirar lixo ao chan.
10. A taxa de inscrición non é reembolsable.
11. A participación non será permitida a calquera persoa non rexistrada.
12. A inscrición pecharase o 7/01/2019 ás 23:59, existindo a posibilidade dun prezo reducido até 26/12/2018 ás 23:59.
13. A organización resérvase o dereito de modificar todo sobre itinerarios, horarios, reagrupacións, etc.
14. Asistencia máxima de 300 participantes para a ruta BTT.

15. Asistencia máxima de 100 participantes para a ruta de sendeirismo (Andaina).
16. Ao inscribirse para esta proba asúmese a aceptación destas normas e renuncia a calquera alegación contra a organización.

En Salceda de Caselas, a 6 de Novembro de 2019

Asdo: Sergio Alonso Pérez